

Venres, 26 de xaneiro de 2018

Núm. 19

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

BASES PREMIOS CONCURSO DISFRACES ENTROIDO 2018

A N U N C I O

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lalín, na sesión ordinaria celebrada o día 22 de xaneiro de 2018, acordou aprobar as seguintes

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2018

As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión de premios no concurso de disfraces do entroido 2018 organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Lalín.

O gasto destinado a premios é de 1.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 338.481.00 do Presuposto municipal vixente.

Estas bases estarán a disposición dos interesados no Museo Municipal “Ramón M^a Aller” e na páxina web: www.lalin.org.

ENTROIDO 2018 – CONCURSO DE DISFRACES

-B A S E S-

1.—As presentes Bases teñen por obxecto regular o desenvolvemento e participación no Concurso de Disfraces, que terá lugar o luns 12 de febreiro do ano 2018, con motivo do Entroido.

2.—Poderán participar todos os colectivos, agrupacións, asociacións cidadáns, persoas individuais, etc., que así o desexen e que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases a criterio do xurado.

3.—As presentes bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e con posterioridade remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que lle dará traslado ao BOP do seu extracto.

4.—O prazo de presentación comenzará dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP e rematará un cuarto de hora antes da saída do desfile da Praza da Feira. Os participantes deberán aportar o DNI, e indicar número de teléfono de contacto e enderezo.

No caso dos menores é necesario o nome e DNI do representante legal.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación: A50ZA0LC0UA6Z3ZV



Venres, 26 de xaneiro de 2018

Núm. 19

No caso dos grupos deberá figurar o nome dun membro, que actuará de representante do mesmo.

5.—Os Premios a outorgar serán os seguintes:

Grupos de máis de tres

1º- 250 € 2º- 140 € 3º- 80 € 4º-60 € 5º-50 €

Parellas ou tríos

1º- 80 € 2º- 60 € 3º- 50 € 4º-40 € 5º-30 €

Individuais

1º- 50 € 2º- 40 € 3º- 30 € 4º-20 € 5º-20 €

Os premios serán entregados en vales aos premiados elixidos polo xurado. Os vales terán que ser canxeados no Concello de Lalín. O representante deberá ir provisto do DNI para asinar a recepción do premio. O premiados deben achegar á Tesourería Municipal certificado do número de conta bancaria para o pagamento do importe do premio.

6.—O Xurado estará composto por persoas do mundo social e cultural do pobo e estará presidido pola Concelleira de Cultura do Concello de Lalín (sen voto).

Valoraranse as seguintes cuestións: orixinalidade, simpatía, crítica, laboriosidad ou calquera outro motivo que poida considerar o Xurado.

O xurado pode declarar deserto calquera premio se, ao seu xuízo, os participantes non reúnen os méritos suficientes.

O xurado levantará acta coa proposta dos premiados, asinada por todos os membros para a súa remisión á Xunta de Goberno local onde se aprobará a concesión dos mesmos.

7.—A participación no Concurso, suporá a plena aceptación das presentes bases.

8.—A resolución de concesión dos premios esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Lalín, 23 de xaneiro de 2018.

O Alcalde.

Rafael Cuña Aparicio.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:A50ZA0LC0UA6Z3ZV

